



CONCELLO DE REDONDELA



O dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, constitúen o fundamento constitucional de competencias en materia ambiental. É preciso dar nesta materia ao labor educativo e de sensibilización á cidadanía.

Un animal de compañía acóllese co propósito de brindar compañía ou para goce da persoa dona ou posuidora del. Este tipo de animais caracterízanse pola súa adaptabilidade e interacción co ser humano, pode ter consecuencias positivas para a saúde.

Quen tome a decisión de incorporar un animal de compañía ás súas vidas son responsables da súa saúde e benestar, teñen que ser conscientes e asumir as obrigacións e responsabilidades que iso implica.

A presente Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia establece de forma xenérica, nos seus artigos, **O abandono dos animais, evitar a reprodución incontrolada dos animais, a tenencia ou posesión de máis de 5 animais en vivendas privadas.**

Constitúen infracción, as accións e omisións.

Alimentar aos animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas.

Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais, incumprindo os requisitos do artigo 21.2.

Sanción de 100 a 500 euros.

O abandono dos animais de compañía e a recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización.

Sanción de 501 a 5.000 euros.

A día de hoxe contamos no termo municipal con 23 colonias de gatos/as, formado por cada unha con un número de entre 4 e 23 gatos/as, resultado da irresponsabilidade de non castrar e abandono dos/as gatos/as, levamos castrados aproximadamente 210 gatos/as para controlar as colonias, e nos é imposible levar acabo este control, se a cidadanía segue actuando desta maneira.

